

ASPROMOR
MEMORIA ACTIVIDADES
2021

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	pág. 2
2. CENTRO OCUPACIONAL.....	pág.3
2.1. OBRADOIRO DE ELABORACIÓN DE FREGONAS.....	pág.3
2.2. OBRADOIRO DE INVERNADOIRO / XARDINERÍA.....	pág.5
2.3. OBRADOIRO DE REPARACIÓN DE ENVASES DE PLÁSTICO.....	pág.6
2.4. UNIDADE DE DÍA.....	pág.6
2.5. PROGRAMA DE AXUSTE PSICOSOCIAL.....	pág.7
2.5.1. APOIO EMOCIONAL SOCIAL.....	pág.7
2.5.2. EXPRESIÓN PLÁSTICA E CORPORAL.....	pág.9
2.6. JOAN MIRÓ POR ASPROMOR.....	pág.15
2.7. PROGRAMA DE OCIO E CULTURA.....	pág.16
3. OUTROS SERVIZOS.....	pág.20
4. VISITAS.....	pág.21
5. APERTURA DO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL.....	pág.22
6. ACTOS BENÉFICOS.....	pág.24
7. XUNTA DIRECTIVA E PERSOAL LABORAL.....	pág.25
8. SUBVENCIÓNS E COLABORACIÓNS.....	pág.26
9. CONTACTA CON NÓS.....	pág.27

1. INTRODUCCIÓN

A ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DO ORTEGAL (ASPROMOR) é unha entidade de acción social constituída baixo a forma de asociación e suxeita a la Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación. Foi fundada en 1984 por iniciativa dun grupo de pais e nais para dar cobertura ás necesidades de apoio das persoas con discapacidade intelectual.

Todo este PROXECTO ten como finalidade mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias.

A Asociación conta cun Centro Ocupacional, con capacidade para 40 persoas e equipado con diferentes espazos donde se desenvolven as actividades tanto ocupacionais como as de ocio.

No mesmo espazo donde se sitúa a entidade, a Asociación conta tamén cun Centro de Día, con capacidade para 21 usuarias e usuarios e cun Servizo Residencial, posto en funcionamento o pasado 2 de novembro de 2021, con capacidade total para 28 persoas.

O Centro conta tamén cun servizo de comedor para prestar esta atención tanto ás persoas con discapacidade que diariamente acuden ao Servizo de Atención Diurna Ocupacional como ós usuarios e ás usuarias do Servizo de Atención Residencial. Este servizo permite dar unha dieta equilibrada incluíndo, o mesmo tempo todas as dietas especiais que sexan precisas tendo sempre en conta as prescricións médicas e de saúde de cada caso. Este servizo supón un recurso de apoio insustituíble para estas persoas e para as súas familias ou tutoras.

Para completar as necesidades das persoas que asisten diariamente, o Centro Ocupacional complementase co servizo de transporte despregando tres rutas diarias para trasladar ás persoas que residen na zona rural.

E finalmente, ASPROMOR ten tamén habilitada unha Vivenda Tutelada co fin de proporcionar apoio a aquelas persoas que queiran realizar un proxecto de vida independente, apoiadas por persoal técnico, desenvolvendo habilidades de vida diaria e adquirindo así aprendizaxes para xestionarse de forma independente.

2. CENTRO OCUPACIONAL

2.1. OBRADOIRO DE ELABORACIÓN DE FREGONAS

O Centro Ocupacional mantén un obradoiro permanente de elaboración de fregonas no que os/as usuarios/as do Centro desenvolven unha actividade semiproductiva. Cada usuario/as realiza unha tarefa diferente adaptada ás súas capacidades. O resultado final vai destinado ao mercado galego gracias á colaboración da empresa GADISA que merca e distribúe a produción de fregonas que se fan neste obradoiro.



Este obradoiro está destinado a persoas con necesidades de apoio intermitentes ou limitadas, cun nivel de autonomía e capacidades para participar neste tipo de actividade.

Os obxectivos xerais desta actividade son adquirir hábitos, destrezas e aptitudes beneficiosas dende o punto de vista psico-social e realizar un traballo real destinado ao mercado.

2.2. OBRADOIRO DE INVERNADOIRO / XARDINERÍA

Actualmente no proxecto do invernadoiro de Aspromor desenvólvense labores ocupacionais de horticultura cunha finalidade pedagóxica e terapéutica. Os usuarios/as aprenden a preparación de semilleiros, o trasplantedo, o coidado de prantas, a colleita, etc.



Paralelamente responsabilízanse do mantemento dos espazos axardinados do Centro Ocupacional e dos espazos do invernadoiro coa colocación de carteis indicativos, normas de uso, decoración dos bancais, limpeza, etc.

Grazas a dúas subvencións concedidas pola Fundación ONCE dentro do marco da Convocatoria Xeral de axudas para proxectos dirixidos a persoas con discapacidade púidose abrir unha nova posibilidade coa venta ó público de prantas de exterior, interior e útiles de xardín.

Esta nova vertiente abre unha porta de inclusión co entorno, permitindo de xeito natural introducir o día a día das persoas con discapacidade na dinámica do pobo mellorando a súa autonomía, a súa imaxe social e a súa autoestima.

Trátase dunha faceta máis que complementa e mellora os recursos dos que dispón esta actividade de xardinería e horticultura. D6este xeito, ampliarán o noso mercado e a finalidade inclusiva desta actividade.

2.3. OBRADOIRO DE REPARACIÓN DE ENVASES DE PLÁSTICO

Este obradoiro está formado por seis persoas con discapacidade do Centro Ocupacional apoiados por un traballador responsable do taller, que se encarga da formación dos usuarios. Desenvólvense aprendizaxes necesarias para realizar esta actividade que consiste na reparación de elementos compostos de plástico, tales como contenedores, mobiliario urbán, embarcacións (Kayaks), depósitos, envases, caixas, etc....

Para realizar estas reparacións trabállase coa maquinaria e utilíxase específico da actividade como fresadoras, cortadoras, lixadoras, amoladoras e extrusoras.

As reparacións non se fan con ningún elemento metálico, senon cunha técnica especial moi novedosa de termosoldadura, ofrecendo deste xeito unha mellor garantía.

Este obradoiro pónse en marcha gracias a realización de varios cursos de formación financiados polo Grupo Costeiro de acción Local da Mariña-Ortega (GALP) e a fundación ONCE mediante FSC Inserta.

Como clientes colaboran varios Concellos (Ortigueira, Cariño, Mañón, O Vicedo, Viveiro, San Sadurniño, Valdoviño, Fene, As Pontes, Ares, Mugardos e Pontedeume), as lonxas de Cedeira, Cariño, Celeiro e Burela e empresas como Urbaser, Celta Prix e Portos de Galicia.

Esta actividade foi recoñecida no ano 2017 coa concesión da Certificación de Boas Prácticas a nivel europeo pola Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea. O proxecto foi presentado en Letonia no seminario transnacional FARNT dentro do marco da inclusión social das comunidades pesqueiras.



2.4. UNIDADE DE DÍA

A Unidade de Día está destinada a usuarios/as do Centro Ocupacional que presentan necesidades de apoio extensas.

Alguns/has teñen unha idade avanzada, déficit de autonomía e dificultades motoras, relacionais e de comunicación.



Neste espazo os usuarios/as adquiren hábitos de autonomía e rutinas diarias que favorecen a súa independencia e mobilidade corporal. Aprenden a relacionarse cos seus compañeiros/as e co persoal, adquirindo unhas pautas de comunicación verbal ou alternativa que favorezan a súa relación co entorno e coas persoas. As actividades que se realizan na Unidade de Día están orientadas a xerar un entorno de confianza no/na usuario/a, utilizando para isto os talleres de comunicación, os obradoiros de expresión plástica e corporal e actividades de ocio.

2.5. PROGRAMA DE AXUSTE PSICOSOCIAL

2.5.1. APOIO EMOCIONAL SOCIAL

- **Dinámica de acollida e taller de comunicación**

Este taller axuda aos participantes a desenvolver as habilidades de comunicación necesarias para interactuar con éxito cos demais, obtendo maior eficacia no desenvolvemento das súas relacións interpersoais. Permite perfeccionar as competencias relacionadas coa comunicación interpersoal e a comunicación en público, elaborando estratexias e tácticas de comunicación en función do obxectivo deseado.

Abórdase de forma moi práctica guiado polas ideas de cooperación, respecto e liberdade de expresión.

Escóllense temáticas para desenvolver en grupo sobre temas que interesen particularmente e que estén ao alcance das persoas participantes. Realízase pasando por tódalas fases desenvolvendo:

- Concentración.
- Escoita.
- Empatía.
- Disposición.
- Contacto Visual.

Desenvólvese diariamente no momento da recepción dos/das usuarios/as na súa chegada ó centro e nas assembleas mensuais que se planifican sistematicamente todos os últimos mércores de cada mes.

- **Habilidades de Vida Diaria**

Esta actividade ten como finalidade a adquisición de aprendizaxes relacionadas co funcionamento do fogar. O obxectivo xeral desta actividade é que os usuarios/as que participan neste taller desenvolvan conductas necesarias para conquistar desenvolverse con autonomía nas habilidades básicas. Pretende mellorar a capacidade das persoas con discapacidade, para vivir unha vida sana e equilibrada. O obxectivo é alcanzar o máximo nivel de autonomía e independencia persoal nos hábitos cotidiáns, no centro ocupacional e no fogar.

Unha actividade a destacar planificada neste taller é o desenvolvemento dun taller de repostería no que os/as usuarios/as realizarán e se formarán en aprendizaxes que lles permitirán desenvolver actividades de cociña, concretamente na elaboración de doces, tartas, galletas, etc. que terán unha aplicación real na celebración de festas, cumpreanos e outros eventos.



2.5.2. EXPRESIÓN PLÁSTICA E CORPORAL

Como forma de manifestar sentimentos, coñecementos e experiencias a través de diversos materiais e técnicas artísticas. Plantéxase por tanto como outra forma de linguaxe, de comunicación, que contribúe ao desenvolvemento integral da persoa.

Este taller permite que as persoas con discapacidade expresen os seus desexos e necesidades así como que descarguen tensión a través da actividade artística desenvolvendo diferentes propostas. A actividade, que se desenvolve en grupo, favorece o proceso de socialización e o aprendizaxe da vida en relación.

- **Nadal**

A celebración do Nadal con diferentes actividades completa a planificación de todo o ano. Con varias semanas de antelación organízase de maneira conxunta un obradoiro de tarxetas postais, feitas polos propios usuarios/as, que se envían a todos os socios/as como agradecemento pola súa colaboración e para felicitarlles as festas. Ademais, como cada ano organizouse tamén un obradoiro de Nadal para preparar a decoración do Centro. Para disfrutar estas datas tan sinaladas todos os usuarios/as e persoal do centro participan nunha entrañable e emotiva Festa donde se combinan maquillaxes, disfraces, música, baile, regalos e sobre todo bos desexos para o vindeiro ano.

Este ano, a redución das restriccións pola pandemia xa permitiu que todos os usuarios/as visitaran O Belén de Nadal que se expón na Igrexa Conventual de Ortigueira e que data de 1924.



- Entroido

Co motivo da celebración das festas do Entroido organízase un obradoiro no que se realizan unha serie de actividades fundamentalmente plásticas conxuntas para todos os/as usuarios/as do Centro. Desenvólvense aprendizaxes e habilidades manipulativas dentro dun marco lúdico.

O resultado deste obradoiro materialízase na decoración do Centro realizada totalmente polos/as propios usuarios/as con materiais reciclados e na confección dos disfraces para todos os participantes da festa.



- Día do pai / nai

Nestes días de especial celebración tamén se planifica un obradoiro de actividades plásticas nos que os/as usuario/as desenvolven a súa creatividade motivados pola ilusión de regalar a súa labor aos seus familiares.



- Pascua

Durante una semana tendo como fío conductor a celebración da pascua desenvólvense actividades que fomentan a creatividade, a solidariedade e o disfrute en equipo.



- Obradoiro de cestería artesanal

Esta nova experiencia levada a cabo neste ano permitiu aos/as usuarios/as converterse en artesanos cesteiros por un tempo. Aprendendo nocións básicas para tecer un cesto e manipulando fibras vexetais paso a paso lograron realizar cada un/unha o seu propio cesto que levaron para a súa casa.



- Obradoiro de xabóns artesáns con “A Esteada”

Con este obradoiro os/as usuarios/as familiarizáronse coa forma artesanal da elaboración do xabón, dende un enfoque científico, conociendo así a saponificación.

Tamén se concienciaron da importancia do reciclaxe para o medio ambiente, xa que con este proceso están reciclando aceite usado.

Os/as usuarios/as experimentaron neste proceso cos diferentes materiais, texturas e cores ao tempo que disfrutaron cos produtos resultantes utilizándoos para uso propio e para regalos.



- Xornada de xogos populares

Durante esta xornada os usuarios/as do Centro participan desta actividade na que mediante o desenvolvemento de distintos tipos de xogos tradicionais e populares adquiren hábitos que fomentan o traballo en equipo, o respecto ás normas, o compañeirismo, etc... dun xeito lúdico e distendido.



- San Xoán

Xornada de celebración popular na que se fomentan as relacións sociais e o disfrute en convivencia.




- **Magosto e Samaín**

No obradoiro de Samaín realízanse diferentes actividades en torno a esa temática durante varios días. O primeiro que se organiza é a colleita de castañas entre todos os usuarios/a. Faise unha saída a un souto para recoller os froitos pasando unha tarde rodeados de natureza. Coas castañas elabóranse uns colares que eles mesmos/as cosen e coas sobrantes faise un magosto.

Ao mesmo tempo os usuarios/as traen das súas casas diferentes cabazas para decoralas e colocalas no Centro a xeito de ornamentación, finalmente faise un concurso no que sae premiada a cabaza máis creativa e mellor decorada.



2.6. JOAN MIRÓ POR ASPROMOR



Este proxecto logrou crear un espazo dedicado á expresión plástica e facilitar que as persoas con discapacidade puideran desenvolver actividades que favorezan os aspectos creativos mediante a expresión plástica, contribuído así ao seu desenvolvemento persoal e social.

As PCDI que participaron neste proxecto reinterpretaron obras de Joan Miró utilizando distintas técnicas, desenvolvendo os contidos en tres fases finalizando cunha fase expositiva na que se desenvolveu una exposición pública das obras realizadas con gran acollida por parte do público asistente.



2.7. PROGRAMA DE OCIO E CULTURA

Asímesmo coa finalidade de que os/as usuarios/as realicen actividades de ocio que lles permitan desenvolver habilidades e disfrutar dos eventos que lles ofrece o entorno, planifícanse una serie de obradoiros algún deles coincidindo coas datas relevantes do calendario

- **Audiovisuais**

Dende un entorno educativo, lúdico e de convivencia os participantes desta actividade formanse no linguaxe audiovisual para ser espectadores críticos e sensibles. Mediante proxecións audiovisuais de diferentes formatos (películas, documentais, imaxes, grabacións, fotografías etc) desenvolven habilidades que os capacitan para involucrarse en diversas situacións, visualizalas e reflexionar sobre elas.



Esta actividade é un instrumento para que os usuarios adquiran coñecementos de diferente temática e que poidan expoñer as súas opinións en grupo nun coloquio final.

- **Saída a praia de Morouzos**

Aproveitando o bo tempo e os recursos que nos ofrece o noso entorno organízanse diferentes saídas para desenvolver variedade de actividades na nosa comunidade.



- Exposición “O bicherio” de Luis Davila

Visita a casa da Cultura de Cariño, onde puideron amosar a exposición do humorista gráfico galego Luis Davila e as súas viñetas co humor galego como protagonista.



- Xornada de sensibilización “15 visións”

Visita ó Claustro do Concello onde os usuarios/as puideron asistir á exposición fotográfica “15 visións”, centrada no papel fundamental da muller na sociedade e os seus sentimentos ante distintas situacións.



- Xornada de sensibilización “Día da diversidade”

Para conmemorar este día, e dar visibilización a todas as persoas con diversidade funcional, dende o centro quixémonos unir á campaña #baixoomesmoparaugas, e compartir a través das redes sociais esta fotografía dando a maior visibilidade posible ante toda a sociedade.



- Visita o local da Escola de Gaitas de Ortigueira

Esta visita deulle a oportunidade as/aos usuarias/os de experimentar directamente o instrumento musical galego por excelencia como medio educativo e divulgativo de transmisión da cultura galega.



- Festival Internacional do Mundo Celta en ASPROMOR

A pandemia non permitiu a celebración anual do Festival Internacional do Mundo Celta por iso desenvolvemos no centro o noso Festival particular.



- Saída de Bandas

Con motivo da celebración das festas patronais de Ortigueira, os usuarios/as puideron saír a disfrutar da tradicional saída de bandas, que se celebra cada ano, o día 28 de Xullo.

Os usuarios/as poden disfrutar o ambiente festivo e agradable desa data, e relacionarse, interactuar e participar activamente nas distintas actividades do pobo.



3. OUTROS SERVIZOS

- **SERVIZO DE TRANSPORTE**

Debido á dispersión xeográfica dos concellos aos que atende Aspromor é necesario prestar un servizo de transporte para o que se conta con varias furgonetas que fan tres rutas diarias para trasladar os/as usuarios/as ao centro.



- **SERVIZO DE COMEDOR**

Diariamente o Centro Ocupacional pon a disposición dos/das usuarios/as un servizo de comedor no que ofrece distintas modalidades de dietas elaboradas por unha dietista, tendo en conta as prescripcíons médicas e de saúde de cada caso.

- **VIVENDA TUTELADA**

Aspromor dispón dunha vivenda tutelada para prestar este servizo a aqueles/as usuarios/as que queiran desenvolver una vida independente. A vivenda está equipada con todo o necesario para realizar un plan de vida independente que lles axude a mellorar a súa calidade de vida.

4. VISITAS

- VISITA C.E.I.P. JOSÉ MARÍA LAGE

Este ano a pandemia deunos un respiro e permitiunos manter a tendencia de portas abertas e inclusión no entorno realizando e recibindo visitas no centro dando así visibilidade á labor realizada polas persoas con discapacidade atendidas por ASPROMOR.



- VISITA DA CONSELLEIRA DE POLITICA SOCIAL

O día 3 de novembro de 2021 a Conselleira de Política Social Fabiola García fixo un percorrido polas instalacións da Asociación Pro-Minusválidos do Ortegal (Aspromor), coa finalidade de inaugurar o novo Proxecto de Atención Residencial Terapéutica e Atención Residencial Terapéutica Ocupacional cuxos presupostos da Xunta contemplan a creación de 15 novas prazas.



5. APERTURA DA RESIDENCIA

Este mesmo ano 2021, a entidade Aspromor puxo en funcionamento un Servizo de Atención Residencial de nova apertura no que se prestan os servizos terapéuticos de atención directa para persoas con discapacidade intelectual.

Este servizo ten como obxectivo primordial o apoio as persoas con discapacidade intelectual na realización do seu proxecto de vida mediante unha atención integral personalizada, facilitando un entorno social normalizado en coordinación coas súas familias

A Residencia de Aspromor conta con 18 prazas de servizo terapéutico-ocupacional e con 10 prazas de servizo terapéutico, donde as persoas que reciben a prestación do servizo precisan de maiores apoios no seu día a día.

No Centro ofrecese o servizo residencial a persoas con discapacidade intelectual con necesidades de apoio extenso e xeneralizado e/ou en situación de dependencia, servindo de soporte para o desenvolvemento dun conxunto de actuacións e programas específicos encamiñados a ofrecer atención e rehabilitación social e o mesmo tempo converter o servizo na súa vivenda permanente.

A súa finalidade é facilitar a acollida e convivencia, temporal ou permanente, ás persoas usuarias co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida así como a dos seus familiares.

Os programas previstos inclúen a asistencia para a realización de actividades básicas da vida diaria, rehabilitación funcional, actividades de participación na comunidade, etc. Co obxectivo de mellorar ou manter o nivel de autonomía persoal, así como apoiar as súas familias ou persoas coidadoras.

Este servizo ten cobertura a nivel autonómico, podéndose acoller a él as usuarias e usuarios de todo Galicia.

A residencia de Aspromor, ó estar situada en pleno casco urbán de Ortigueira, permite así mesmo, disfrutar e participar de todas as actividades culturais que ofrece o noso Concello, favorecendo e primando a inclusión das nosas usuarias e usuarios no propio entorno.

Dentro da carteira de servizos prestados para persoas dependentes con discapacidade intelectual intégranse as seguintes prestacións:

- Área de información, valoración, seguimento e orientación.
- Área de formación básica e instrumental con asistencia ás actividades básicas da vida diaria.
- Área de actividades e programas (actividades de ocio e tempo libre)
- Área de mantemento e/ou rehabilitación, donde se inclúe fisioterapia, psicomotricidade, atención de enfermería, etc.
- Área de servizos xerais, como son o aloxamento, manutención e dietas especiais, limpeza, lavandería e xestión da roupa, etc.

6. ACTOS BENÉFICOS

Cada ano, grazas á iniciativa de María Luisa Novo directora da Rondalla de Cariño e do Coro de Espasante celébrase no Teatro da Beneficencia en Ortigueira e na aula da Cultura en Cariño dúas galas solidarias cuxa recadación vai destinada íntegramente á Asociación Aspromor.

Participan de xeito solidario unha gran variedade de grupos de ambos Concellos que compoñen o groso da representación musical e cultural da Comarca.

Este ano por mor da pandemia do COVID-19, só se levou a cabo o festival benéfico na aula da Cultura en Cariño, onde os/as usuarios/as de Aspromor puideron ler unha emotiva carta de agradecemento a todo o público polo agarimo amosado.

Este ano ademáis, unha colaboradora habitual coa asociación, realizou una exposición con produtos de elaboración propia de arte e bisutería coa intención de que todo o recadado coa venta dos produtos fora a beneficio da asociación ASPROMOR.



7. XUNTA DIRECTIVA E PERSOAL LABORAL

Dende o 08 de Abril de 2017 a Xunta Directiva está composta por:

CARGOS	NOMES E APELIDOS
Presidenta	M ^a Isabel Lorenzo Serantes
Secretaria	M ^a Aurora Afonso Yáñez
Tesoureira	M ^a Encarnación Pardo Rodriguez
Vogal	M ^a Carmen Lamelas Garcia
Vogal	Sira Bellas López
Vogal	Brais Castellanos Lorenzo

Persoal dos Centros da Asociación Pro minusválidos do Ortegal:

**Centro Ocupacional - Centro con Servizo Residencial Terapéutico-
Ocupacional e con Servizo ResidencialTerapéutico- Centro de día**

Xerente: 1

Directora Técnica e pedagoga: 1

Administración: 1

Educadoras Sociais: 2

Encargada de Taller: 1

Operario de Taller: 1

Coidadoras: 6

Fisioterapeuta:1

Servizo de transporte: 1

Servizo de limpeza: 1

Servizo de comedor: Externalizado

8. SUBVENCIONS E COLABORACIONS

Todas as actividades desta Memoria 2021 non serían posibles sen o financiamento das entidades e a colaboración das persoas que apoian este proxecto, que axuda a que as persoas con discapacidade intelectual da comarca do Ortegal melloren a súa calidade de vida e a da súas familias.

- ❖ CONCELLO DE ORTIGUEIRA
- ❖ CONCELLO DE CARIÑO
- ❖ CONCELLO DE MAÑÓN
- ❖ FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN GALICIA
- ❖ DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA
- ❖ FUNDACIÓN ONCE
- ❖ PROGRAMA 0,7% DO IRPF
- ❖ GALP “GRUPO DE ACCION COSTEIRA”
- ❖ CONSELLERIA DE SERVICIOS SOCIAIS
- ❖ SOCIOS COLABORADORES
- ❖ FUNDACIÓN OBRA SOCIAL “LA CAIXA”
- ❖ ASOCIACIONS E PERSOAS QUE PARTICIPAN NAS GALAS BENÉFICA A FAVOR DE ASPROMOR

9. CONTACTA CON NÓS



Paseo Barro Soto s/n, 15330, Ortigueira – A Coruña.



981 42 22 88 / 609 69 19 10



672 36 97 81



aspromor@aspromor.org



www.aspromor.org



Centro Ocupacional Aspromor



Invernadoiro Aspromor